fundación sgae

Convocatoria

Premios Fundación SGAE de Investigación 2024
en economía da cultura, socioloxía da cultura, políticas culturais, comunicación e cultura, xestión cultural e dereito da cultura

BASES DA CONVOCATORIA

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

I. Cláusulas comúns

1.- Participantes

Poderán concorrer todas as persoas físicas que o desexen, calquera que sexa o seu país de orixe e residencia, coa condición de que estean vinculadas a algún centro de investigación público ou privado relacionado coas actividades establecidas no obxecto da convocatoria.

2.- Obxecto da investigación

- As investigacións deberán referirse ao mercado cultural actual das artes escénicas, musicais, audiovisuais ou multimedia no ámbito español ou iberoamericano. Valoraranse positivamente as análises comparativas con outros países, así como o estudo dos intercambios en materia cultural entre España e os estados latinoamericanos e tamén a exportación de servizos e produtos culturais a terceiros países.

- As investigacións deben enmarcarse nalgunhas das seguintes disciplinas que se indican:

    - Socioloxía da cultura
    - Economía da cultura
    - Política cultural
    - Comunicación e cultura
    - Xestión cultural
    - Dereito da cultura

- Poderán presentarse investigacións en coautoría. Nese caso, todos os coautores deberán presentar os documentos establecidos nas presentes bases e a dotación económica prevista para o premio ao que opten, en caso de resultar elixidos, será rateada pola **Fundación SGAE** entre todos os coautores a partes iguais.

3.- Documentación requirida

- Datos de contacto das persoas solicitantes: nomes e apelidos, enderezo postal, teléfono e enderezo electrónico.
- DNI ou documento análogo das persoas solicitantes.
- Currículo das persoas solicitantes.
- Autorización da persoa/s solicitante/s a favor da Fundación SGAE para que esta poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web da Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta axuda.
- Envío en formato PDF do texto da investigación, −no caso de que a persoa solicitante concurse ao premio de investigación, ao premio á tese doutoral ou ao premio ao traballo de investigación− ou do proxecto de tese no caso de que opte á axuda á realización de tese doutoral. O texto que se presente deberá vir redactado en calquera dos idiomas oficiais do estado español. No caso de que a investigación presentada a concurso estea nalgunha das linguas oficiais do estado español distinta ao castelán, a/s persoa/a autora/s poderá/n incluír unha tradución ao castelán para que poida ser utilizada polos membros do xurado que non falen a lingua orixinal da investigación. Se a/s persoa/s autora/s non inclúe/n a dita tradución ao castelán, a **Fundación SGAE** quedará autorizada para realizar a citada tradución para os únicos efectos de servir de instrumento de traballo para os membros do xurado. Estas traducións serán destruídas á finalización do fallo do premio.
- Declaración xurada da autoría e declaración de que os dereitos sobre a investigación presentada ou proxecto non están comprometidos e, xa que logo, ocupa o 100 % da titularidade sobre estes. En caso de investigacións en coautoría esta declaración deberá vir asinada por todos os coautores.

A falta de presentación dalgún dos documentos enumerados anteriormente ou de calquera outro establecido nestas bases suporá a desestimación da solicitude. Para estes efectos, a organización revisará as solicitudes presentadas e notificará os defectos de presentación que se lles detecten aos solicitantes para a súa emenda. Se no prazo de quince (15) días desde que se realice a notificación de emenda a/as persoa/s solicitante/s non a modifican, entenderase que desisten do procedemento.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

Xunto con estes requirimentos comúns para todas as modalidades da presente convocatoria, debe achegarse tamén a documentación específica correspondente á modalidade á que se concurse.

II. Premio á mellor tese doutoral

1.- Características das obras para ser presentadas a concurso

- Optarán a este premio aquelas teses doutorais xa aprobadas cuxo obxecto coincida co especificado no punto I.2 destas bases.
- Só se admitirán a concurso as teses doutorais aprobadas despois do 1 de xaneiro de 2019 . Non poden participar aquelas teses doutorais que entren a concurso en anteriores convocatorias ou as baseadas nos proxectos de investigación gañadores dalgunha das edicións anteriores.
- A tese doutoral non debe ser obxecto de publicación comercial, polo menos nun 75 % do seu contido, e na súa totalidade no que se refire ás conclusións.
- O texto da investigación deberase presentar nun ficheiro electrónico en formato PDF a través da web da Fundación SGAE coas seguintes características: unha extensión mínima de 200 páxinas DIN-A4, escritas a dobre espazo, por unha cara, utilizando fonte arial e corpo 11, con marxes iniciais de 3 cm e finais de 4 cm, e con marxes laterais de 3 cm a ambos os dous lados.
- A tese doutoral debe vir acompañada do acta do tribunal ou, na súa falta, dunha carta na que conste a data da súa presentación ao tribunal e a cualificación adquirida asinada polo director da tese. Toda a documentación será presentada de forma electrónica a través da web da Fundación SGAE.

2.- Premio

Outorgaráselle un premio consistente en:

- 6.000 €

- A publicación opcional da obra ou un extracto desta −sempre de acordo coa/s persoa/s autora/s− por parte da Fundación SGAE.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

III. Premio ao mellor traballo de investigación

1.- Características das obras para ser presentadas a concurso

- Optarán a este premio aquelas investigacións xa finalizadas cuxo obxecto coincida co especificado no punto I.2 destas bases e constitúan un traballo de investigación (tesiña) de grao, máster ou outros estudos de posgrao, incluídos os realizados ao remate dos cursos de doutoramento.
- Só se admitirán para o concurso os traballos de investigación aprobados despois do 1 de xaneiro de 2019. Non poden participar aqueles traballos de investigación que entren a concurso en anteriores convocatorias.
- A tesiña non debe ser obxecto de publicación comercial, polo menos nun 75 % do seu contido e, na súa totalidade, no que se refire ás conclusións.
- O texto da tesiña deberase presentar nun ficheiro electrónico en formato PDF a través da web da Fundación SGAE coas seguintes características: unha extensión mínima de 60 páxinas DIN-A4, escritas a dobre espazo, por unha cara, utilizando fonte arial e corpo 11, con marxes iniciais de 3 cm e finais de 4 cm, e con marxes laterais de 3 cm a ambos os dous lados.
- O traballo de investigación debe vir acompañado do acta do tribunal ou, na súa falta, dunha carta na que conste a data da súa presentación ao tribunal e a cualificación obtida asinada polo director do proxecto. Toda a documentación será presentada de forma electrónica a través da web de Fundación SGAE.

2.- Premio

Outorgarase un premio consistente en:

- 3.000 €

- A publicación opcional da obra ou un extracto desta −sempre de acordo coa/s persoa/s autora/s− por parte da Fundación SGAE.

IV. Axudas á realización de tese doutorais

1.- Características dos proxectos para ser presentados a concurso

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

Optarán a estas axudas aqueles proxectos de teses doutorais cuxo obxecto coincida co especificado no punto I.2.

O proxecto de tese doutoral terá a seguinte estrutura:

- Xustificación e antecedentes

- Obxectivos

- Metodoloxía

- Bibliografía básica de referencia

- Cronograma

Ademais, virá acompañada dunha carta asinada pola persoa que dirixa a tese ee que avale a capacidad investigadora do propoñente.

2.- Axudas

Outorgaranse axudas a dous proxectos de teses doutorais consistentes en 6.000 € para cada un deles, que se farán efectivos do seguinte modo:

- un 25 % no momento de aceptar a axuda;

- un 75 % no momento da aprobación da tese por parte do tribunal. Para a recepción deste importe, a tese debe estar finalizada antes de trinta (30) meses respecto da data da aceptación da axuda. Este prazo podería ampliarse no caso de que o director da tese o considere oportuno, previa solicitude por escrito á organización.

- A publicación opcional da obra ou un extracto dela –sempre de acordo coa/s persoa/s autora/s– por parte da Fundación SGAE.

V.- Xurado

O xurado que outorgará os distintos premios e axudas estará integrado polas persoas que para ese efecto designe a Fundación SGAE.

VI.- Datas de recepción

O prazo para presentarse a esta convocatoria estará aberto desde o 08 de novembro de 2024 ata o 10 de decembro de 2024 (ambos incluídos). Acéptanse as investigacións, as

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

tesiñas e os proxectos recibidos ata esa data que veñan acompañados da documentación establecida nestas bases.

VII.- Fallo dos premios e concesión das axudas

O fallo notificaráselles por escrito a todos os participantes desta convocatoria.

VIII.- Formalización do outorgamento do premio e a axuda ás persoas gañadoras

As persoas que concursen cuxas obras sexan seleccionadas deberán subscribir coa Fundación SGAE un convenio para o pago do premio ou da axuda. Nete establecerase unha opción a favor da Fundación SGAE para editar a tese, o traballo de investigación ou a tese que se vai desenvolver. A opción editorial terá unha duración de seis meses que se contarán desde a sinatura do citado convenio, no caso da tese doutoral e o traballo de investigación xa realizado e, no caso das axudas para realización de tese, de seis meses, que se contarán desde que esta se finalice. No caso de facerse efectiva a opción editorial, as partes subscribirán o correspondente contrato de edición atendendo á normativa vixente en materia de propiedade intelectual, axustado aos estándares habituais do mercado.

Transcorridos os seis meses sen que sexa exercitada a citada opción, a/s persoa/s premiada/s poderá/n publicar a súa obra con calquera outra persoa ou entidade.

IX.- Normas

1.- Aceptación das bases

O mero feito de participar nesta convocatoria supón, por parte das persoas concursantes, a aceptación destas bases.

Calquera dúbida sobre a interpretación das bases poderá ser consultada coa organización.

2.- Reclamacións

A decisión da organización sobre quen serán as persoas premiadas ou merecedores das axudas será inapelable. Non se aceptarán reclamacións contra o fallo dos premios e a concesión das axudas á realización de tese doutorais.

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae

3.- Protección de datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten as persoas solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da participación da persoa solicitante nesta convocatoria de axudas.

A persoa titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, á atención de Servizos Xurídicos, Calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, ademais, deberá vir acompañada da fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. Tamén poderán exercer os seus dereitos por correo electrónico: informacion@fundacionsgae.org. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados pola/s persoa/s afectada/s son veraces e responden á súa situación actual. A/s persoa/s afectada/s queda/n obrigada/s a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

4.- Exención de responsabilidade.

A/s persoa/s que concurse/n responde/n da orixinalidade da obra que presenta ao concurso e exime a Fundación SGAE de toda responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que poida/n incorrer, en especial, en materia de propiedade intelectual e dereito ao honor en relación coa realización e desenvolvemento das obras seleccionadas.

5.- A lexislación aplicable a estas bases é a española e as partes sométense expresamente á xurisdición dos tribunais de Madrid capital, renunciando ao foro que puidese corresponderlles.

Máis información:

Fundación SGAE
Dpto. de Estudos
C/ Bárbara de Braganza, 7
28004 Madrid
Tel.: 91 503 6800
informacion@fundacionsgae.org

Entidad inscrita en el Registro de Fundaciones Culturales B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Coa colaboración da sgae